



Guía resumen

**PEL – REACTIVA: Programa específico de apoio á
hostalería e axencias de viaxes**

2021

GUÍA RESUMO

PEL- REACTIVA: Programa específico de apoio á hostalería e axencias de viaxes

1. DESTINATARIOS/AS	3
2. EXCLUSIÓNS.....	3
3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE.....	4
4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.....	4
5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.....	8
6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E PAGO.....	8
7. COMPROMISOS E OBRIGAS.....	9
8. CONTÍAS E COMPATIBLE.....	9

PEL- REACTIVA: Programa específico de apoio á hostalería e axencias de viaxes

1. DESTINATARIOS/AS

Este programa vai dirixido a **persoas traballadoras por conta propia ou autónomas e microempresas** que teñan o seu domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes, e que figuren de alta no IAE nos epígrafes de bares e restaurantes; hospedaxe, salas de festas e discotecas; e axencias de viaxes, **con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021**.

Para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación do artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de euros.

2. EXCLUSIÓNS

Non poderán ser solicitantes as persoas traballadoras autónomas ou microempresas, que teñan sido beneficiarias das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña.

A estes efectos, enténdese por beneficiarios/as das axudas PEL- REACTIVA: Fondo de financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña, as persoas autónomas e empresas, que resultaran beneficiarias por resolución definitiva de concesión do concello no que realizaran a súa solicitude, independentemente da renuncia ou perda de dereito ao cobro por calquera motivo.

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores e as corporacións de dereito público (Confrarías...).

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade.

Os/as autónomos societarios só poderán presentar a súa solicitude no caso de que desenvolvan unha actividade pola súa conta nalgún dos epígrafes sinalados e tendo en conta o indicado no parágrafo anterior.

3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día **3 de maio de 2021 ás 8.00 horas** ata esgotar o crédito dispoñible de 9 millóns de euros.

4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As persoas interesadas en participar na convocatoria PEL REACTIVA: Programa específico de apoio á hostalaría e ás axencias de viaxes, deberán presentar a correspondente solicitude, a través do apartado correspondente á convocatoria da **plataforma telemática SUBTeL** (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>), mediante a sinatura dixital da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica, cubrindo os campos da solicitude e presentando toda a información que sexa requirida.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o/a solicitante, no caso de persoas físicas, e o representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de **sinatura electrónica**.


Cando non sexa o propio solicitante o que realice a presentación (firme e envíe a solicitude de axuda), é dicir, cando a presentación se faga a través dun representante, deberá achegarse o documento que acredite a designación de representante polo solicitante, cuxo modelo está dispoñible na plataforma SUBTeL.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

No caso de persoas xurídicas e/ou físicas, nas que a solicitude non esté asinada polo/a solicitante, deberase aportar un documento que acredite a representación en favor da persoa que realice a presentación (firme e envíe a solicitude de axuda).


Pasos a seguir para a presentación:

1. Acceder á plataforma telemática SUBTeL a través do enlace <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>



The screenshot shows the login page of the SUBTeL platform. The header includes the Deputación DA CORUÑA logo and the time 13:41:14. The main heading is "Entrada". Below it, a message states: "Para entrar na plataforma debe introducir o seu usuario e contrasinal. Se non dispón dun usuario, pode rexistrarse como un novo." There are two input fields: "Usuario:" with a placeholder "O seu enderezo de correo electrónico" and "Contrasinal:" with a placeholder "O seu contrasinal". A link "Non lembra o seu contrasinal?" is below the password field. At the bottom, there are buttons for "Entrar" and "Rexistrarse", and a row of links: "Usuario Deputación", "Usuario Entidade Local", and "Usuario de [icon]".

2. Para entrar na plataforma debe introducir o seu usuario e contrasinal. Se non dispón dun usuario, pode rexistrarse como un novo.



The screenshot shows the registration page of the SUBTeL platform. The header includes the Deputación DA CORUÑA logo and the time 13:48:07. The main heading is "Rexistro dunha nova conta de acceso". Below it, a message states: "Os usuarios dos concellos ou entidades locais non teñen que rexistrarse, xa teñen os usuarios creados. Se non recibiu o usuario no seu concello ou entidade local, pódase en contacto con nós." There are two input fields: "Usuario: (a súa dirección de correo electrónico)" with a placeholder "A súa dirección de correo electrónico" and "Contrasinal:" with a placeholder "Su contraseña". A link "Repita o contrasinal:" with a placeholder "O seu contrasinal" is below the password field. A "Código de seguridade" field contains the code "my62e" and a placeholder "Introduza o código". At the bottom, there is a "Rexistrar" button.

3. Abrirase unha pantalla na que se amosarán as convocatorias con prazo de presentación aberto:

Panel principal Nova solicitude

informatica.dacoruna.gal/subite/nuevasolicitud/SN

Inicio (PREPROD) Usuario Opcións Axuda

Contactor con SOPORTE

Nova solicitude

Seleccione o tipo de solicitude que desexa crear.

Só se mostran as convocatorias con prazo de presentación aberto.

Si desexa información sobre todas as convocatorias visite a páxina de información das convocatorias

Central de Contratación Programas de Central de Contratación.

DP0002	Adhesión a Central de Contratación da Deputación da Coruña	Solicitar
DP0003	Adhesión a un contrato da Central de Contratación da Deputación da Coruña	Solicitar

Emprego Programas de Empleo.

PEL-REACTIVA II	Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxes, no marco do PEL- Reactiva	Solicitar
Bases reguladoras		

Medio ambiente Programas de Medio ambiente.

MA100	Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020	de orzamento por solicitude.	dende 6.766,00 ata 33.840,00 de concesión por solicitude	Solicitar
Ordenanza xeral Bases reguladoras				

Persoal Programas de Persoal.

PREPROD

Escribe aquí para buscar

ESP 13:33 20/04/2021

4. Dirixirse ao apartado EMPREGO e premer no botón SOLICITAR correspondente á convocatoria PEL- REACTIVA II.

Panel principal x (Desa) Nova solicitude x +

informatica.dacoruna.gal/subte/nuevasolicitud/\$N

Inicio (PREPROD) Usuario Opcións Axuda

Contactor con SOPORTE

Nova solicitude

Seleccione o tipo de solicitude que desexa crear.

So se mostran as convocatorias con prazo de presentación aberto.
Si desexa información sobre todas as convocatorias visite a páxina de información das convocatorias

Central de Contratación Programas de Central de Contratación.

DP0002	Adhesión a Central de Contratación da Deputación da Coruña	Solicitar
DP0003	Adhesión a Central de Contratación da Deputación da Coruña	Solicitar

Emprego Programas de Empleo.

PEL REACTIVA II	Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxes, no marco do PEL- Reactiva	Solicitar
-----------------	---	-----------

Medio ambiente Programas de Medio ambiente.

MA100	Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2020	de orzamento por solicitude.	dende 6.768,00 ata 33.840,00 de concesión por solicitude.	Solicitar
-------	--	------------------------------	---	-----------

Persoal Programas de Persoal.

PREPROD

5. Abrirase a pantalla de presentación da solicitude, na que se deberán ir cubrindo axeitadamente todos campos e achegar a documentación requirida debidamente asinada:

Deputación DA CORUÑA 14:34:21 Martes, 20 de abril de 2021

informatica.dacoruna.gal/subtel/guiasolicitud/9607604

Datos xerais

Datos do solicitante (entidade ou particular)	Pendente	Modificar
Representante	Requirido nalgúns casos	Modificar
Declaracións e compromisos	Pendente	Modificar
Outros datos	Pendente	Modificar


Documentos e anexos

Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.	Pendente	Modificar
No caso de ser PERSOA FÍSICA: Certificado de Vida laboral do/a autónomo/a actualizado onde conste a data de alta no RETA.	Requirido nalgúns casos	Modificar
No caso de persoas xurídicas e/ou físicas, nas que a solicitude non este asinada polo/a solicitante, documento que acredite a representación en favor da persoa que realice a presentación (firme e envíe a solicitude de axuda).	Requirido nalgúns casos	Modificar
No caso de Persoas físicas que actúen a través de representante e de persoas xurídicas: certificación bancaria ou documento de banca electrónica que conteña a seguinte información: - Nome ou razón social - CIF/NIF - Identificación da conta bancaria (código IBAN/CCC)	Requirido nalgúns casos	Modificar
Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) de atoparse ao corrente das obrigacións tributarias.	Requirido nalgúns casos	Modificar
Certificación expedida pola Seguridade Social de atoparse ao corrente das cotas ou cotizacións.	Requirido nalgúns casos	Modificar

Volver Presentar

6. Unha vez completados todos os campos, premerase o botón PRESENTAR:

7. Una vez presentada correctamente, a plataforma xerará un xustificante de presentación da solicitude:



Solicitud

Convocatoria: (PEL-REACTIVA II) PROGRAMA ESPECÍFICO DE APOYO A HOSTALARÍA E ÁS AXENCIAS DE VIAXES (Líña II PEL- REACTIVA)
Obxectivo: Solicitud de axuda no Programa específico de apoio á hostalaría e axencias de viaxes, no marco do PEL- Reactiva

INTERESADO
NIF: ****0228** NOME: MARÍA DEL CARMEN VILLAR RODRÍGUEZ

REPRESENTANTE
NIF: ****0228** NOMBRE: Mª DEL CARMEN VILLAR RODRÍGUEZ

OUTROS DATOS
Epígrafe polo que figura no Censo de Actividades Económicas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021. No caso de que o solicitante non figure de alta ningún dos epígrafes do IAE da selección non tería dereito á axuda: Epígrafe de agrupación 67 (bares e restaurantes)
IBAN da conta bancaria onde figure como titular a persoa física (traballador/a autónomo/a) ou xurídica (microempresa) solicitante da axuda (24 díxitos) Os solicitantes que fagan a presentación da solicitude de axuda por medio de representante e as microempresas terán ademais que presentar un documento expedido pola entidade bancaria que acredite dita titularidade: 22222222222222222222222222222222

DOCUMENTACIÓN APORTADA
» Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado...
aportado no arquivo (Mayca prueba.pdf)
con resúmen: 2ab0ba4e87c3dc03a47ce400c714529480e3b8
» No caso de ser PERSOA FÍSICA: Certificado de Vida laboral do/a autónomo/a actualizado onde conste a data de alta no RETA.
aportado no arquivo (Mayca prueba_signed.pdf)
con resúmen: f0c29b823d9a3c9092a2ba104b0d9f6d1cbbca
» No caso de persoas xurídicas e/o físicas, na que a solicitude non está asinada polo/a solicitante, documento que acredite a representación en favor da persoa que realice a presentación (fime e envíe a solicitude de axuda).
No aportado.
» No caso de Persoas físicas que actúen a través de representante e de persoas xurídicas: certificación bancaria ou documento de banca electrónica que conteña a seguinte información: - Nome ou razón social - CIF/NIF - Identificación da conta bancaria (código IBAN/CCC).
No aportado.

5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

No momento da solicitude, os/as solicitantes deberán subir á plataforma SUBTEL a seguinte documentación:

- **Certificado de Vida laboral do/a autónomo/a** onde conste a data de alta no RETA (no caso de que o solicitante sexa persoa física). Este documento pode obterse telemáticamente a través da sede electrónica da Seguridade Social <https://sede.seg-social.gob.es/> ou ben presencialmente previa cita, nalguna das súas oficinas.
- **Certificado de situación censual da Axencia Estatal Tributaria**, actualizado a efectos de determinar a data de inicio da actividade. Este documento pode obterse telemáticamente a través da sede electrónica da Axencia Tributaria <https://www.agenciatributaria.gob.es/> ou ben presencialmente nalguna das súas oficinas, previa cita.
- **Información de datos bancarios:**
 - a) **Persoas físicas que actúen no seu propio nome:** designación de conta bancaria (código IBAN ou CCC).
 - b) **Persoas físicas que actúen a través de representante e persoas xurídicas:** certificación bancaria ou documento de banca electrónica que conteña a seguinte información:
 - Nome ou razón social

- CIF/NIF
- Identificación da conta bancaria (código IBAN/CCC)

Na propia solicitude, as persoas solicitantes deberán declarar de xeito responsable o cumprimento de todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, así como o cumprimento dos compromisos e obrigas das persoas beneficiarias:

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E PAGO

O procedemento de concesión establecido para este programa é o de **concorrenza non competitiva**.

A concesión, realizarase nun único acto administrativo, mediante resolución da Presidencia da Deputación, previa comprobación da concorrenza na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito dispoñible de 9 millóns de euros.

A concesión resolverase por orde de rexistro de entrada das **solicitudes completas** presentadas

Naqueles supostos en que se lles requira aos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou documentación presentada, ou se presenten documentos posteriores, **entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que tal requirimento estivese correctamente atendido**.

No caso de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia referida a súa solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento á persoa solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

A resolución de concesión e pago notificarase aos interesados a través da plataforma SUBTeL, e de conformidade co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

procedemento administrativo común e de conformidade co establecido nos artigos 41 a 46 da referida Lei 39/2015.

7. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os compromisos e obrigas das persoas beneficiarias ou entidades son os recollidos na base 8.

8. CONTÍAS E COMPATIBILIDADE

O importe a recibir será unha contía fixa de **1.500 euros por persoa beneficiaria** que cumpra os requisitos, ata esgotar o crédito dispoñible.

O programa é **incompatible coas axudas PEL- REACTIVA: Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da Provincia da Coruña.**

O programa é **compatible con calquera outro programa ou axuda concedida por entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade**, limitado polo réxime de mínimos e o **Marco nacional temporal** relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19, recollido na Comunicación da Comisión Europea do 19 de marzo de 2020 (2020/C 91 I/01) (DOUE do 20 de marzo), e as súas posteriores modificacións.